

PROXECTO LECTOR DO CENTRO

DATOS DO COLEXIO:

Nome do centro: Colexio “Casa de la Virgen”

Enderezo: Rodeira nº 12

Localidade: Cangas do Morrazo

Teléfono: 986 39 23 13

Fax: 986 39 23 12

Correo electrónico: cpr.casadelavirgen@edu.

INDICE DE CONTIDOS:

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. MARCO LEGAL**
- 3. FUNCIONALIDADE:**
Actividades de fomento da lectura:
 - E. INFANTIL
 - E. PRIMARIA
 - E.SECUNDARIA
- 4. OBXECTIVOS E INDICADORES**
- 5. A BIBLIOTECA ESCOLAR**
- 6. AVALIACIÓN**

1. INTRODUCCIÓN:

Son moitos os motivos polos cales debemos plantexarnos unha autocrítica construtiva, no que á competencia lectora se refire, xa que os informes e a análise da realidade así o constatan.

Temos que traballar sobre as que consideramos causas da situación actual, traballar sobre novas didácticas da lectura. Unha vez contaxiado o alumno pola lectura (por un libro, un poema, un artigo) trataremos de evitar plantexarlle como conclusión unha serie de actividades illadas que o único que poden conseguir é unha resposta tediosa e negativa, pouco motivadora cara á lectura e todo o seu mundo.

Partindo de que non traballamos cun grupo homoxéneo, ó igual que noutras materias ou desenvolvemento de competencias, temos que dispoñer dun grande abano de actividades e non plantexar a didáctica actual da lectura, a cal non esperta a motivación dos alumnos.

Como non só se debe traballar a velocidade, a entoación e o ritmo cando falamos de lectura, o que propoñemos é elaborar un Plano Lector para reflectir a situación na que nos atopamos, analizando a realidade e mellorando as deficiencias constatables para poder falar doutra realidade lectora dos nosos alumnos/as.

Os cambios xurdidos na sociedade da información, a aprendizaxe e o coñecemento, requiren novas estratexias de achegamento da poboación infantil e xuvenil á lectura, polo tanto o desenvolvemento da competencia lectoescritora é un obxectivo prioritario do currículo na educación obrigatoria.

No desenvolvemento e consecución dos fins e principios da educación, a escola ten que proporcionar unha ensinanza eficiente da lectura e a escritura, unha lectura comprensiva para ler o mundo e apropiarse da linguaxe.

En resumo, se queremos mellorar as catastróficas enquisas que circulan por tódolos lados (informe Pisa) nas que se fala dos escasos índices de lectura, comprensión lectora deficiente ou nula ou unha formación lingüística plana, debemos entender a lectura como un proceso moi complexo e de capital importancia ao longo de toda a escolaridade.

Por todo iso vemos necesario a elaboración de proxectos lectores de centro, os cales contemplarán os elementos, condicións, actividades e intervencións, ordenadas ao longo do curso, encamiñadas a promover e desenvolver a lectura en e dende o propio centro educativo.

O Proxecto Lector que elaboramos é un documento que integra tódalas intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Procura a adquisición das competencias básicas, especialmente:

- .competencia en comunicación lingüística
- .competencia dixital
- .competencia en expresións culturais
- .competencia para aprender a aprender

2.MARCO LEGAL

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, dispón que “ la comprensión lectora y la expresión oral y escrita constituyen un objeto de interés que se debe desarrollar en todas las etapas educativas. Asimismo, promueve el desarrollo de hábitos de lectura y la iniciación al estudio de la literatura, con el fin de lograr el aprovechamiento eficaz del aprendizaje.

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O equipo de profesores nomeados polo Claustro e que forman parte da Comisión PLEC son os seguintes:

.Representantes da ESO: Yolanda Martínez Graña
Violeta Rodal González

.Representantes de EP: Isabel Barreiro Gago

.Representante de EI: Ana Luz Nogueira Rodicio

Coordinadora: Lucía Mariño Rial

3.FUNCIONALIDADE

O Proxecto Lector de Centro nace coa vontade de ser vir á Comunidade Educativa nos seguintes aspectos:

- Integrar criterios e actuacións de todo o profesorado na práctica do ensino-aprendizaxe da lecto-escritura .
- Servir de marco de referencia na determinación de o obxectivos e actividades no ensino-aprendizaxe da lecto-escritura así como na elaboración do Plan Lector Anual.
- Achegar e optimizar recursos para acadar eses obxectivos.

Tal e como cita a LOMCE, “a comprensión lectora e a expresión oral e escrita constitúen un obxecto de interese que se debe desenvolver en todas as etapas educativas. Asimesmo, promove o desenvolvemento de hábitos de lectura e a iniciación ao estudo da literatura, co fin de lograr o aproveitamento eficaz da aprendizaxe”.

Cando se lle dea forma competente, a lectura convertese nunha ferramenta fundamental para o desenvolvemento da personalidade, o espírito crítico e a socialización, especialmente nunha época, a nosa, na que vivimos rodeados de información e faise necesario desentrañala e valorala.A lectura é pois, o instrumento básico que permite continuar a aprendizaxe durante toda a vida.

Por outro lado, á necesidade de ler e de ler ben, queremos sumar o desexo e o pracer de ler, dado que, finalmente, son os lectores que len por pracer os que mellor len. De aí que este Plan recolla accións tanto para o desenvolvemento da competencia lingüística como para o espertar e o afianzamento da afección lectora. Tódalas demais competencias están dunha forma ou doutra relacionadas coa competencia lectora.

É por esta razón pola que se precisa implementa-la velocidade lectora, así como a capacidade de comprensión e de búsqueda ou “scanning” da información relevante nun texto nun mundo onde cada vez máis o inmenso caudal de información dispoñible fai necesario o filtrado da mesma antes de abordar o traballo intelectual propiamente dito.

É evidente que para conseguir este obxectivo faise necesario planificar as actividades de fomento da lectura dende o antes posible, preferentemente dende o mesmo momento do inicio da lectura.

Tamén é importante a implicación no fomento das actividades de todo o profesorado do centro, da familia e todo o contorno que rodea ao alumnado.

EDUCACIÓN INFANTIL

4º EDUCACIÓN INFANTIL

Na aula de tres anos adicamos cada día polas tardes un tempo ao fomento da “lectura”. Contos clásicos, contos que os nenos traen das súas casas, contos da biblioteca de aula.

A actividade consiste na lectura dun conto, escoitamos con atención e gusto é tamén un momento relaxante e de disfrute, trabállase a comprensión lectora, a lectura de imaxes.

Isto ten unha periodicidade diaria.

Un día a semana tamén temos lectura na aula. Os nenos poden disfrutar dos contos traídos da súa casa ou do préstamo da biblioteca de aula, intercambio de libros, etc.

5º EDUCACIÓN INFANTIL

Na clase de catro anos fomentamos o gusto pola lectura contando todos os días un conto que os nenos e nenas traen da súa casa, uns van e veñen, pero outros tratamos de que se queden na clase e así imos facendo unha pequena biblioteca na aula.

A profesora é a encargada de ler e amosar as láminas, tamén se fan preguntas para ver como se comprenden as distintas historias que se van contando ó longo do curso escolar, isto

o aproveitamos como iniciación á lectoescritura. O lugar preferido para facer estas actividades é a alfombra, na que facemos un pequeno recuncho de lectura, tamén os nenos poden escoller libremente o conto que máis lle gusta para contarlle os seus compañeiros.

Tamén se fan debuxos alusivos as historias que se van contando e que decoran as paredes da clase.

Facemos uso das novas tecnoloxías cos videocontos, que tan atractivos son para os máis pequenos.

6º EDUCACIÓN INFANTIL

Na E. Infantil, trátase de poñer ós nenos en contacto co mundo dos libros a través de contos tradicionais e novos, libros sobre a Natureza, Relixión, Plástica, Xeografía, con imaxes, imaxes e palabras, con letras maiúsculas e minúsculas, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma

Para iso contamos cunha biblioteca de aula que está a disposición dos nenos e que se ve incrementada por novos libros cada ano que son aportados polos propios nenos.

Deste xeito contamos cunha parte da biblioteca que é fixa e outra que varia ano a ano, según a cantidade e a temática dos libros aportados polos nenos-as

Durante a semana adícase tódolos días un tempo a manter contacto cos libros, sexa coa manipulación directa, individualmente ou en compañía, ou coa lectura por parte da mestra para todos. Desde o momento en que algún dos nenos xa se inicia na lectura, empezan a facer pequenas lecturas para os compañeiros.

Tamén e de destacar a lectura colectiva e individual que se fai na clase a diario, unha vez que os nenos se inician na lectura, isto sirve como estímulo a aqueles que todavía non se iniciaron.

Outra actividade e a que se propon para a casa, coas familias, donde os nenos ven o contacto que os seus pais teñen tamén cos libros.

En conmemoración do día do libro os nenos de E. Infantil cinco anos fan un pequeno libro, escrito por eles mesmos, en base sempre a un conto traballado o longo do curso, elaborando cada un deles a portada para o seu primeiro libro.

EDUCACIÓN PRIMARIA

PLAN LECTOR: 1º EP

Neste curso é fundamental a lectura, xa que aínda non a dominan, polo que adicamos parte do primeiro trimestre a reforzala. Todos os días á primeira hora da mañá facemos unha lectura individual en silencio, e logo en alto para toda a aula. A lectura fanna todos os alumnos/as, repetíndoa dúas ou tres veces para acadar a súa comprensión.

Tamén é fundamental a lectura noutras materias, polo que antes de traballalas facemos unha lectura exhaustiva para que os alumnos/as comprendan o que se lles pide nos exercicios que teñen que facer.

Contamos na aula cunha pequena biblioteca que cada curso faise máis importante, grazas á aportación das editoriais que nos agasallan con libros de lectura e contos, tanto en lingua galega coma en lingua castelá.

Neste curso, ó comezar o segundo trimestre, os alumnos/as traerán da súa casa dous libros de lectura, un en lingua galega e outro en lingua castelá, que serán complementarios e servirán para reforzar aínda máis a lectura.

PLAN LECTOR: 2º EP

En 2º de Primaria temos un libro específico de lectura no que traballamos cunha historia ó longo do curso. Este libro contén actividades de comprensión lectora e está en lingua castelá.

En tódalas materias prestamos moita atención ós enunciados, xa que a eles cústalle moito entender o que hai que facer nas actividades aínda que saiban facelo, por iso explicamos varias veces se é necesario e xuntos chegamos á conclusión e resolución das mesmas.

Ó rematar cada unidade facemos unha lectura completa antes de comezar a ficha correspondente que aparece ó final de cada tema.

Traballamos, ao longo do curso, na elaboración dun refraneiro con refráns aportados polos alumnos.

3ºE. PRIMARIA

Na nosa aula a lectura lévase da maneira seguinte:

- Lemos tódolos días nas diferentes materias os contidos que vamos a explicar.

Lectura en común, das lecturas propostas ao principio dos temas dos libros de Lengua e Galego, por un dos alumnos/as e os outros seguena en voz baixa. A lectura tamén pode ser de libros de lectura que temos na clase para usar en grupo.

- Despois da lectura, a maioría das veces, faise un resumo oral ou por escrito do lido e outras responden a preguntas de comprensión lectora.
- Lectura individual e en silencio. Onde logo deben contestar a preguntas relacionadas co texto con algunhas preguntas tipo test. Traballando a competencia lectora.
- Lectura por grupos dun conto tradicional.
- Outras veces, despois da lectura dun tema, deben elaborar poesías individualmente ou en grupos.
- Lectura ao grupo de contos, descripcións ou poesías elaborados por eles mesmos.
- Lectura dos arquivos ou documentos localizados mediante navegadores ou buscadores de internet, cos que deberán resolver un cuestionario ou elaborar unha presentación.
- Tamén temos unha pequena biblioteca de aula. Os alumnos poden pedir prestados libros da biblioteca para levar a casa ou usar na propia clase se acaban todos os seus traballos.
- Poden ler libros que teñen na súa casa.
- Por cada libro lido entregarán unha ficha de lectura cuberta o que lles permitirá conseguir un punto no seu carnet lector

4º E.PRIMARIA

En colaboración coa Biblioteca do colexio, os alumnos/as len libros elixidos por eles da biblioteca escolar, da biblioteca de aula ou da propia casa. Ao rematar, elaboran un resumo cubrindo a folla de lectura que se lles entrega a cada un.

Os libros lidos vanse contabilizando e no Día do libro reciben un premio os máis lectores.

Adícase unha hora á semana de Lingua Castelá e de Lingua Galega exclusivamente para facer unha lectura en común, onde se explica como debemos ler, mellorar a rapidez lectora, a entoación, enriquecer o noso vocabulario e mellorar a comprensión lectora.

Ademais lemos todos os días nas diferentes materias os contidos que vamos a explicar, así como as lecturas dos diferentes temas presentes nos libros de texto das materias.

5º E.PRIMARIA

LINGUA CASTELÁ E GALEGA

O noso obxectivo principal é que os alumnos e alumnas adquiran o gusto pola lectura e estean o suficientemente motivados para que recurren a ela como actividade de ocio e aprendizaxe , de xeito voluntario e crítico.

Ainda que pretendemos acercar a Biblioteca aos nenos, tamén potenciamos a lectura de títulos adecuados para que podan disfrutar deles e crear lectores.Seleccionamos títulos que contan cunha indiscutible calidade literaria e que propician a reflexión na propia aula.

Os alumnos de quinto de E.P.encóntranse no momento clave para afianzar a competencia comunicativa como ferramenta para tódolos demais aprendizaxes e para a interacción en diversos contextos sociais. A destreza da lectura é fundamental , así como a da escritura.

Na clase de Lingua facemos tódolos días lectura silenciosa e despois en voz alta, coidando a entoación en cada texto. Se hai diálogo represéntano. A continuación explícanse as palabras que presentan dificultade. Fanse preguntas sobre o lido, para traballar a comprensión lectora.

Fanse resumos tanto orais como escritos do lido. E utilizamos as ferramentas dixitais que nalguns casos acompañan aos libros de lectura e que forman parte dos recursos para o profesor cos que contamos.Na clase hai unha Biblioteca de Aula que ano a ano vai crescendo.

Potenciamos tamén que os alumnos compartan os libros polo que cada un deles trae dous ou tres libros a clase para poder compartir cos compañeiros. Isto fomenta o intercambio de información sobre as lecturas e unha positiva interacción entre eles .

Asimesmo e unha vez rematada a lectura dun libro, cubren unha ficha na que pegan a portada do mesmo e anotan algúns datos de interés sobre o libro. Na Biblioteca do colexio archívanse ditas fichas ata final de curso ano tras ano, creando así a súa propia historia literaria. No carné de lector póñense sellos cunha puntuación que no Día do Libro será tida en conta para recibir un diploma ou agasallo en función do seu nivel de lectura, según puntos obtidos. Unha forma lúdica de enfocar a dinámica da lectura e que conta con moi boa aceptación ano tras ano.

6º E.PRIMARIA

LINGUA CASTELÁ E GALEGA

Fomentar o gusto pola lectura lendo libros, recitando poesías, facendo dramatizacións... tratando de mellorar á entoación á hora de ler, aprender léxico e novos contidos axuda á comprensión lectora.

Ademais os alumnos/as teñen unha hora semanal de lectura obrigatoria onde len en alto e en silencio libros mercados por eles e das biblioteas de aula ou do centro. Aquí é fundamental a comprensión lectora, tratarase de distinguir as ideas principais das secundarias, os distintos tipos de personaxes, as accións, etc. e potenciarase o interese polos textos lidos,

Hai que dotar ao alumnado de competencias lectoras para que poidan desenvolverlas no futuro.

Ao igual ca no resto dos cursos de Primaria os alumnos de sexto participan nas actividades promovidas dende a Biblioteca do colexio, en especial as que están relacionadas co Día do Libro, Letras Galegas, etc...

E. SECUNDARIA

Lingua galega e castelá.

Durante todo o curso os alumnos len en alto na clase os textos que abren cada tema do libro de texto. Faise o mesmo cos textos que aparecen no interior de cada tema.

Despois, partindo destas lecturas iniciais fanse actividades arredor dos distintos textos como poden ser:

- Exercicios de comprensión do texto, tanto de forma oral como escrita.
- Expresión oral do lido.
- Producción de textos escritos.
- Traballo co léxico descoñecido utilizando o dicionario e buscando a acepción da palabra máis acorde para o texto.

Ademais os alumnos e alumnas deben ler obrigatoriamente ao longo do segundo e terceiro trimestre varios libros en lingua galega e castelá, dos que se lle fará unha proba escrita para saber o grao de comprensión que tiveron da lectura.

Nas áreas de Lingua Castelá e Galega na ESO estanse lendo dous libros por materia cada curso. O xeito de presentar esa lectura é léndolles un pouco do libro para crear intriga e así logo obrígalos a seguir lendo.

Xeralmente as obras escollidas para a lectura soen ser novelas de intriga e aventuras se ben en 2º e 3º da ESO é literatura clásica (Celestina, Lazarillo, La vida es sueño, Romeo y Julieta, Fuenteovejuna...).

Para que se sintan un pouco atraídos fáiselle na clase unha composición da época e así facilitarlles un pouco a comprensión do texto.

Ademais para activar o seu hábito de lectura estase facendo unha vez á semana 20' de lectura na aula. Faise de xeito rotativo para que coincida en tódalas materias con libros non obrigatorios e do seu gusto persoal: cómics manga, novelas de terror, best sellers, etc...

Lingua inglesa e francesa

Durante todo o curso os alumnos len en alto na clase os textos que abren cada tema do libro de texto. Faise o mesmo cos textos que aparecen no interior de cada tema.

Despois, partindo destas lecturas iniciais fanse actividades arredor dos distintos textos como poden ser:

- Exercicios de comprensión do texto, tanto de forma oral como escrita.

- Expresión oral do lido.
- Producción de textos escritos.
- Traballo co léxico descoñecido utilizando o dicionario e buscando a acepción da palabra máis acorde para o texto.

Nestas áreas, durante todo o curso os alumnos deben ir lendo e traducindo un libro por materia.

Ademais para activar o seu hábito de lectura estase facendo unha vez á semana 20' de lectura na aula. Faise de xeito rotativo para que coincida en tódalas materias con libros non obrigatorios e do seu gusto persoal: cómics manga, novelas de terror, best sellers, etc...

4.OBXECTIVOS E INDICADORES

OBXECTIVOS	INDICADORES
Aumentar os índices de lectura dos estudantes en todas as disciplinas	Porcentaxe de alumnos que len. Dos alumnos que len, que porcentaxe de tempo dedican á lectura.
Formar aos escolares como usuarios plenos da palabra escrita e da expresión oral :que sexan escritores, lectores e comunicadores	Porcentaxe dos estudantes que len e escriben por iniciativa persoal.
Sensibilizar á comunidade educativa primeiro e á sociedade despois sobre a necesidade de traballar na lectura	Porcentaxe de participación das familias no Plan Lector.
Garantir o acceso aos libros e os diferentes soportes de comunicación	Porcentaxe de alumnos en programas de fomento da lectura en comunidades e asociacións alleas ao centro escolar
Articular as relacións no centro educativo entre os docentes do mesmo curso e cos de cursos diferentes, das mesmas áreas ou doutras para compartir recurso e establecer unha aprendizaxe interdisciplinar.	Porcentaxe de personas da comunidade educativa que traballan o proxecto lingüístico e o plan lector

5- A BIBLIOTECA ESCOLAR

A BIBLIOTECA ESCOLAR: UN ESPAZO PARA LER, ESCRIBIR E APRENDER

1.Consideracións preliminares

- a. A realidade

- b. As posibilidades pedagóxicas da biblioteca escolar

2. Animación á lectura

- c. Accións encamiñadas a establecer lazos cos nenos e nenas e a biblioteca escolar.
- d. Accións do uso habitual na biblioteca

3. A escritura

4. Actividades de dinamización cultural desde a biblioteca escolar

1. Consideracións preliminares

a. A realidade

A pesar dos innumerables esforzos do profesorado para que a biblioteca escolar sexa unha realidade, o certo é que non sempre se consegue. Ademais, os libros non acaban de exercer tanta influencia nos alumnos como os medios audiovisuais.

Dito o anterior, con algunhas reservas e excepcións, diremos que é necesario pór os medios que estean ao noso alcance para **achegar a biblioteca escolar ao alumnado**, aínda que tamén debemos ser conscientes de que non sempre teremos éxito.

b. As posibilidades pedagóxicas da biblioteca escolar

A BIBLIOTECA ESCOLAR é un instrumento que propicia o intercambio de actividades realizadas no ámbito escolar e proporciona ao profesorado recursos e ideas para a súa dinamización e a animación á lectura.

2. Animación á lectura

Certo é que a escola pode ser un bo lugar para fomentar os hábitos de lectura entre o público infantil e xuvenil, pero non debemos esquecer que unha importante tarefa debe realizarse no seo da familia, xa que o que se consiga na escola dependerá en boa medida diso.

Recoméndase a pais e nais que lean aos seus fillos e fillas e que, á súa vez, lean para que sirvan de exemplo. Considérase a lectura como unha actividade libre, individual, imaxinativa, creadora, solidaria, compensadora, intelectual e recreativa.

- a. **Accións encamiñadas a establecer lazos cos nenos e nenas e a biblioteca escolar**

Son accións de recordo e de sensibilización que queren gañar afectivamente ao lector ou lectora infantil, ademais de conectarlles co espazo bibliotecario e os libros.

1. *Carné de lector/a*. Un sinxelo documento personalizado, con espazo para escribir o título e a autoría de cada libro lido. Se temos sinalados os libros de lectura recreativa con adhesivos circulares (gomets) de cores segundo os niveis aos que van dirixidos, podemos facer os carnés tamén dos mesmos cores e así facilitamos aos nenos e nenas (sobre todo aos máis pequenos) o acceso a os “seus” libros, dentro da biblioteca. (O que nós utilizamos tamén se sela según os libros lidos pola bibliotecaria para facer un reconto final o día do libro).

2. *Completar individualmente o Diario de lectura*. É un documento con pretensións de memoria lectora individual, onde o neno ou a nena anotan unhas breves pinceladas do libro lido e que gardarán como recordo das súas lecturas infantís e xuvenís.

b. Accións de uso habitual na biblioteca

1. Unha apertura diaria para que todo o alumnado poida acudir libremente á sala de lectura con fins diversos: buscar información, terminar traballos, coller libros prestados etc

2. Posibilidade de préstamo de libros con trámites fáciles. O préstamo alarga ata a casa familiar o contacto cos libros. Ademais hai nenos e nenas con notables carencias de libros en casa e, deste xeito, paliamos en parte o problema.

3. Acudir ao lugar de lectura en grupo acompañados do titor ou titora, do profesorado de lingua ou do de calquera outra área, de xeito frecuente. Non deberíamos permitirmos menos que iso. Os nenos e nenas teñen total liberdade para elixir o libro que queiran e para cambialo se non lles gusta. Un día poden ser libros, outro revistas de divulgación ou cómics, prensa, libros de coñecemento, revistas escolares, publicacións do colexio etc.

4. Lecturas en voz alta, por parte do mestre ou mestra de contos, poemas, noticias de prensa etc.

5. Intercambios de experiencias lectoras. Un neno ou unha nena, semanalmente, explica o último libro lido e regala aos seus compañeiros e compañeiras algo, feito por el ou ela, relacionado con ese libro: un pequeno poster, un debuxo, unha poesía, un traballo manual. Os compañeiros, preguntan sobre o libro. O mestre e a mestra tamén deben colaborar nesta actividade e contar algúns dos libros que van lendo.

6. Mesas redondas. Cando 3 ó 4 nenos e nenas leron un mesmo libro,

pódense facer mesas redondas para contrastar opinións. é conveniente dispor de media ducia de exemplares dalgúns libros para facer posible esta actividade.

7. Lectura en voz alta dun mesmo libro por parte de toda a clase. Cada neno ou nena le un fragmento. Logo coméntase o lido, opínase e pódense facer actividades creativas derivadas da lectura. Se de devandito libro fíxose unha película, unha vez terminada a lectura do mesmo, vese dita película e contrástase a linguaxe literaria co cinematográfico. Ademais, contrástase a experiencia imaxinativa individual da lectura coa forma de ver o libro e de reinterpretarlo polo director ou directora da película.

8. Promover a lectura noutros soportes informativos: prensa, revistas científicas, suplementos infantís dalgúns xornais... Se se dispón de equipamento informático, usar o CD-rom como material de consulta informativa.

9. Promover actos de recitación ou de dramatización de poemas, libros, contos, etc. ante o resto de compañeiros e compañeiras da clase. Preparar recitacións.

10. Confección de maletas viaxeiras para achegar ás aulas libros dunha temática especial, novidades, libros ben ilustrados, libros dun autor, dun tema que decidimos traballar en todo o centro, etc.

3. A escritura

Escritura e lectura deben camiñar estreitamente unidas. É posible que unha leve á outra e viceversa. Xa que logo, cando falamos de animación lectora non debemos perder de vista a invitación a que os mozos e mozas escriban. Comprometidos xa a estas alturas coa dinamización da biblioteca, imos ver que podemos facer para estimular a escritura. Non sempre poderemos facelo desde a biblioteca escolar. Se o facemos desde a clase procuraremos que o que alí produzamos acabe na biblioteca para que sexa mirado e lido por todos os nenos e nenas que o desexen.

A continuación sinalamos algunhas das accións que poderíamos levar a cabo:

1. **Confección de contos individuais ou colectivos**, en soportes distintos, de formas diferentes (troquelados, xigantes, mínimos).

2. **Cadernos de noticias**. Diariamente, escribiremos nun caderno un resumo da noticia que se trae a clase e que se comenta. Ao final do curso, o caderno conterá un interesante repertorio de notas de actualidade.

3. **Diario da clase.** Cada semana, un encargado irá escribindo un diario dos sucesos máis notables e das anécdotas que van ocorrendo en clase.

4. **O libro dos recordos escolares.** O alumnado que termina E. Primaria escribe os seus recordos dos anos pasados no colexio. Todos xuntos forman un libro cheo de vida e interese.

5. **Confección de libritos** cos recordos dos avós e avoas ou dos pais e nais. Os mozos e mozas falan con eles e logo redactan os seus traballos de investigación. A suma de todos os traballos constitúe unha publicación de interese porque rescata e facilita o acceso (a través da súa lectura) a outro tempo, a outras vivencias, con protagonistas coñecidos.

6. **O album de fotos.** Cada neno ou nena selecciona da súa album persoal unha fotografía de anos atrás. Nun texto escrito debe contar onde e quen fixo a foto, que facía alí aquel día, quen aparecen con el na foto, que recordos tráelle aquela imaxe. Todos os traballos encadernados forman un album de fotos da clase, escrito e comentado.

7. **Libros de poesías.** Podemos fixarnos nalgunhas das formulillas tradicionais que recollemos ou nos poemas dun autor coñecido. Unhas e outros serán disparadores que nos achegarán á rima e ao ritmo e que nos suxerirán fórmulas para crear os nosos poemas. Faremos unha selección, ilustraremos os escollidos e fabricaremos libros con eles.

5. Actividades de dinamización cultural desde a biblioteca escolar

Sería desexable que a biblioteca fose o foco xerador de actividades culturais que involucran a todo o centro escolar, que se convertira no referente cultural do centro, para que sexa considerada como un lugar de alto interese por parte de nenos e nenas, mestres e mestras, pais e nais.

O grupo responsable da Biblioteca podería organizar unha ou dúas actividades anuais que, por espazo dunha semana, quince días, un mes..., ofrecesen a todo o centro posibilidades diversas: profundar no tema obxecto de traballo, preparar materiais para unha exposición, visitar o que a biblioteca ofrece en relación ao tema elixido.

O que se conta a continuación é unha relación de accións, “semanas”, exposicións, etc. que podemos pór en marcha e nas que a biblioteca é xeradora das mesmas ou receptora (nunha gran exposición) de todo o que se elaborou e que por fin se expón para que sexa visto e compartido por toda a comunidade escolar. É moi conveniente que no deseño destas accións pénsese sempre na globalidad do centro e que se

escollan e expóñanse para que todos os niveis poidan aproveitelas: desde Infantil tres anos ata 4º de ESO.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

- **Semana do cómic** (Exposición e traballos relacionados co cómic)
 - Exposición de cómics.
 - Visualización de películas relacionadas con personaxes de cómic.
 - Elaboración de debuxos de gran tamaño dos personaxes máis populares que o mundo do cómic produciu.
 - Traballos concretos de creación de historietas.

- **Un libro, unha viaxe** (Cando laguen lee un libro, realiza unha viaxe coa imaxinación. Aproveitando ese día, facemos esta actividade)
 - Crear tres países imaxinarios: Naturilandia, Librolandia e Fantasilandia en diferentes lugares do colexio, de forma que haxa que trasladarse dun ao outro. Países imaxinarios que se anuncian cunha pancarta e que teñen unha ampla exposición de libros para ollear e ler.
 - Elaboración dun pasaporte para viaxar por eles, que será selado convenientemente.
 - Pensar nunha actividade que os nenos e nenas deberán facer en cada “país” para que os responsables vísenlles o pasaporte: colorear unha portada dun libro, achegar unha fotografía ou unha noticia de prensa relacionada coa natureza, escribir unha opinión tras a lectura dun libro, fragmento, poema...

- **Coidado, a poesía anda solta!** (Homenaxe adiferentes poetas)
 - Exposición e realización de poemas con refrencias de prensa.
 - Exposición de libros.
 - Audición de poemas seus musicados por distintos cantautores.
 - Elaboración de separadores de lectura conmemorativos.

- **Taller de outono: follas e palabras** (Creación literaria e ilustración sobre l outono)
 - Preparar un dossier de poemas e textos poéticos do outono para todo o profesorado.
 - Talleres en distintos puntos do colexio aos que, durante unha semana, acoden nenos e nenas por ciclos.
 - Escritura de poemas inventados e realización de ilustracións para expor por todos os corredores do colexio.
 - O outono que amarielleaba as paisaxes entrou no colexio e faise visible polas paredes de corredores e biblioteca en forma de poemas e debuxos.

➤ **Cóntanos un conto!**

Creación de contos individuais, colectivos, troquelados, xigantes... nas distintas clases do colexio.

Exposición final na biblioteca con todo o producido.

Visitas en horario lectivo para ler e ollear.

Repartición dun diploma individual a todos os que participaron na actividade.

➤ **Súbe ao tren da poesía** (Descubrir a poesía e aos seus autores)

Cada clase ocúpase de ler e traballar cun poeta ou poetisa. Cada clase prepara os seguintes materiais: un poema copiado con letra grande nunha cartolina; un debuxo, co mesmo formato, da poesía elixida; unha pequena biografía do autor elixido.

Prepárase, tras ese proceso, unha exposición con todos os traballos feitos en clase sobre poetas e poesía.

Un tren de cartolina, de corenta vagóns, con nomes de poetas adorna as paredes de varios corredores.

Exponse, ademais, todos os libros de poesía da biblioteca escolar e os que nos prestaron particulares, a biblioteca pública, etc.

Todo o colexio pasa pola biblioteca a contemplar a exposición e a ler poemas. Cada neno e cada nena reciben un punto de lectura especial, troquelado, co tren da poesía.

➤ **O patio da miña casa** (Recompilación de folclore oral infantil)

Elaboración de enquisas para pasar ás familias a través dos seus fillos e fillas. Recepción e baleirado das mesmas.

Confección de dúas libritos con nanas, cancións de dedos e mans, retahílas, formulillas para elixir, cancións de corda, cancións de corro, cancións en xeral... ilustradas polo alumnado.

Agasallo dun libriño a cada familia con motivo do Día do Libro.

➤ **A maleta familiar** (Compartindo lecturas toda a familia) Dispomos dunha pequena maleta co seguinte contido: unha ducia de libros de pouco texto, variada temática, boas ilustracións, relacionados co que se traballa (se se pode), para diversas idades; un vídeo; unha ou dúas revistas; un suplemento infantil; unha cassette con música popular ou clásica e un caderno para anotacións. Cada semana leva a maleta un neno ou nena da clase

á súa casa. Toda a familia aproveita o seu contido. No caderno escriben as súas impresións, suxestións... todos os membros da familia que o desexan.

6. AVALIACIÓN DO PLAN:

A avaliación debe propiciar que todos os sectores implicados manifesten ás súas opinións, valoracións suxestións, a través das entrevistas, encontros, reunións, etc.

Temos que realizar unha autoavaliación nas reunións dos equipos, así como un seguimento e atención do programa que desenrolamos na biblioteca escolar. Debe facerse un balance global e por apartados dos resultados da posta en práctica do proxecto, así como de avances para mellorar cara a vindeiros anos.

A avaliación ten que ser un proceso continuo e actualizado: interesa analiza-as situacións de partida do alumnado, do profesorado e dos sectores implicados en maior ou menor medida no contexto do Plano. Tamén é necesario coñecer o desenvolvemento do traballo e a súa incidencia: dinámicas de traballos grupais dos equipos; emprego dos servizos e materiais creados e dos medios dispoñibles; adaptación aos imprevistos e cambios no centro. Todo pode servir para revisar, reconducir e modificar calquer aspecto dos elementos que interveñen no proceso.

O longo do curso o responsable da biblioteca xunto co resto do profesorado teñen que analizar unha serie de indicadores, criterios ou referencias con respecto ao plano da biblioteca e desenvolvemento do programa de promoción da lectura, tanto no que respecta ao alumnado como ao profesorado. Coa fin de que lles permita coñecer a calidade dos traballos, así como aspectos relacionados cos elementos que configuran o Plano. Deste xeito, a planificación inicial ten que estar en continua revisión.

Imos enumerar unha serie de criterios para avaliar o desenrolo do plano e o nivel de consecución dos obxectivos propostos:

Respecto ao alumnado:

- O índice de lectura e o hábito creado a través das fichas de lectura persoais e dos controis de empréstito, uso das guías de lectura dúas cartafoles e o nivel de emprego da Biblioteca do centro e ás de aula.
- O grao de autonomía e participación do alumnado nas actividades propostas.
- Valoración dos textos propostos e de outras lecturas diversas.

Respecto ao profesorado:

- A inclusión do emprego da Biblioteca escolar nas súas programacións de aula.
- O cambio de actitude respecto das metodoloxías, contidos, actuacións etc, no campo do fomento da lectura e escritura no centro.
- A integración dun tempo adicado á promoción da lectura nas súas horas de traballo diario e á organización e emprego da biblioteca de aula.
- Grao de aproveitamento dos materiais do plano. Leotodo, adecuación das actividades e nivel de motivación acadado.
- Nivel de colaboración e participación nas actividades escolares e extraescolares organizadas dende a Biblioteca escolar.

Respecto aos pais/nais:

- O coñecemento real dos obxectivos do Plano así como a súa dispoñibiliade e a participación nas actividades plantexadas.
- Os recursos materiais e humanos que acheguen.
- O seu papel de axentes dinamizadores de outros pais/nais.